


Diocese de Tui-Vigo
Información Diocesana

Vigairía Xeral

Setembro 2017

nº 10

TUI



VIGO



Presentación

Viaje Apostólico del Papa Francisco

El 6 de septiembre el Papa Francisco viajará a Colombia, donde estará hasta el día 11. Colombia, colonia española desde el alba del siglo XVI hasta 1810, es la cuarta en extensión territorial de América del Sur, y con alrededor de 49 millones de habitantes.

El Santo Padre recorrerá cuatro ciudades: Santa Fe de Bogotá, Villavicencio, Medellín y Cartagena. “*Demos el primer paso*” es la significativa frase que sirve de lema al viaje papal.

El viernes 8 de septiembre, festividad de la Natividad de la Virgen María, el santo Padre viajará a Villavicencio. Etapa clave en la que serán beatificados el obispo Jesús Emilio Jaramillo Monsalve (1916-1989), martirizado por el ELN, y el sacerdote también mártir Pedro María Ramírez Ramos (1899-1948).

Unámonos a las súplicas del pueblo colombiano para que, como dice la oración por esta Visita, el Padre de toda bondad lo confirme en la fe y suscite en sus corazones esperanza, perdón, amor y paz.

XXV Semana de Formación Permanente del Clero de Galicia

Del 11 al 13 de septiembre tendrá lugar en el Monasterio de Poio la *XXV Semana de Formación Permanente del Clero de Galicia*. Bajo el lema “*Vivindo a comunión*”, estas jornadas pretenden conservar el espíritu que las animó desde el comienzo, a saber, fomentar la unidad sacerdotal mediante “particulares vínculos de caridad apostólica, de ministerio y de fraternidad” (PO. N° 8).

El día 11, a las 5 de la tarde, nuestro Obispo D. Luis, intervendrá con la Ponencia “*Visión retrospectiva das Xornadas de Poio, 1992-2017*”, con la que se pondrá de relieve, una vez más, lo que dice la *Ratio fundamentalis institutionis sacerdotalis*: “La formación permanente representa una necesidad imprescindible en la vida y el ejercicio del ministerio de cada presbítero” (n° 56).



IGREXA UNIVERSAL

Intencións do Papa para este mes:



Parroquias ao servizo da Misión.

Polas nosas parroquias, para que, animadas por un espírito misioneiro, sexan lugares de transmisión da fe e testemuño da caridade.

IGREXA DIOCESANA

1.- Palabras do noso Bispo para este mes:



25 Anos das Xornadas Sacerdotais de Poio.

Este ano cúmprense 25 anos das Xornadas Sacerdotais que se viñeron celebrando ininterrompidamente entre sacerdotes das cinco dioceses de Galicia.

O próximo encontro do mes de setembro en Poio terá un significado moi especial xa que contará coa presenza do Sr. Prefecto da Congregación do Clero, Cardeal Beniamino Stella. Hai que esperar, por tanto, que poidamos escoitar a través das súas palabras cales son as preocupacións e as indicacións do Papa Francisco para os sacerdotes neste momento concreto da Igrexa.

As Xornadas Sacerdotais de Poio comezaron como unha necesidade sentida por todas as dioceses de Galicia de poñer en común as preocupacións pastorais dos sacerdotes daqueles anos, e de dialogar, á luz da Doutrina da Igrexa, sobre as adecuadas solucións aos retos que á Igrexa en Galicia se lle plantexaban naqueles momentos.

No ano 1990 celebrouse o Sínodo dos Bispos que se ocupou do aumento e formación básica dos candidatos ao presbiterado, así como do estudo específico de programas de formación permanente dos sacerdotes. No mes de marzo do ano 1992, o Papa Xoán Paulo II publicou a subseguinte Exhortación Apostólica *Pastores Dabo Vobis*.

É imposible entender a historia das Xornadas Sacerdotais de Poio sen a súa

constante referencia á *Pastores Dabo Vobis*, á vez que é difícil separar a incidencia nas nosas dioceses galegas da citada Exhortación Apostólica sen referirmos, dalgún modo, ás devanditas xornadas.

A celebración da efeméride dos 25 anos das Xornadas Sacerdotais de Poio ten lugar ao pouco tempo de que a Congregación do Clero publicase a *Ratio fundamentalis institutionis sacerdotalis*, que está chamada a ter unha profunda impronta eclesial no ámbito do fomento e da formación das vocacións sacerdotais en íntima unión coa formación permanente dos sacerdotes.

As Xornadas Sacerdotais de Poio deste ano serán un momento importante para tomar conciencia do que o Papa Francisco nos pide aos sacerdotes hoxe. Por iso, convidovos a todos a asistir a elas, polo menos á conferencia do Cardeal Beniamino Stella.

2.- Datos sacerdotais para este mes:

a) Aniversarios de nacemento:

Día		Día	
1	D. Juan José González Estévez	13	D. Jose A. Eiró Otero
4	D. Ángel Soliño Fernández	15	D. Manuel Riveiro Núñez
6	D. Francisco J. Ojosnegros Dgez.	17	D. José Domínguez González
7	D. Isaac Penela Carbajales	18	D. Ángel M. Bastos Vázquez
8	D. Plácido Vázquez Peña D. Juan Carlos Alonso Gómez D. Jose Juan Sobrino Pino	21	D. Francisco J. Varela Lozano
		27	D. Gonzalo Domínguez Bargiela
10	D. David Juan Morado	29	D. Jesús Álvarez Barreiro
11	D. Jaime H. Gallo Freijanes D. Julio Ramos Rodríguez	30	D. David Romero Boullosa



b) Aniversarios de ordenación:

Día		Día	
9	D. Guillermo R. Mandado Pérez D. Ángel Soliño Fernández D. Isaac de Vega Arribas	21	D. Santiago López Vaqueiro D. Verísimo Sueiro Álvarez D. David Dosantos Gómez
14	D. Julio Ramos Rodríguez D. Manuel Ángel Rguez. Luis	22	D. Jaime González Couñago
16	D. Xosé Uxío Nerga Menduiña	25	D. Xose Manuel Pereira Vidal D. Jose Carlos Pérez Montes
19	D. David Juan Morado		

d) Nestes últimos meses, entregaron a súa alma ao Señor:

- **D. José García Malvido**, falecido o día 4 de xullo na Residencia Sacerdotal da nosa Diocese, aos 92 anos de idade. Nacera en Vigo (S.Francisco), pero exerceu o seu ministerio principalmente vinculado a Santiago de Compostela e ao Exército do Aire, ata que nos seus últimos anos serviu axudando na súa cidade natal. Recibiu sepultura o día 5 en Pereiró.

- **D. Ignacio López Rodríguez**, falecido o día 15 de xullo na Residencia Xeriátrica de A Cañiza, aos 92 anos de idade. Nacera en Crecente. Exerceu o seu ministerio pastoral primeiro na Diocese (Campo, Fofe, Godóns, e Sta. María de Vigo), e logo no Exército da Armada (en Vigo e en Madrid). Regresou nos últimos anos á súa vila natal. Recibiu sepultura o día 16 en Crecente.

- **D. Daniel Horacio Bermúdez Morales**, falecido o 13 de agosto na Residencia de Santa Marta, en Alcabre, tras longa e dolorosa enfermidade, aos 85 anos de idade. Era natural de Ribadeo, pero aquí iniciou e exerceu o seu ministerio sacerdotal (Angudes, Rebordechán, Seminario Menor, e finalmente, durante 37 anos, S. Pablo de Vigo, parroquia que el inaugurou). Recibiu sepultura o día 14 en Pontearas.

Descansen na Paz de Cristo.

ARCIPRESTADOS

1.- Cursiños pre-matrimoniais para este mes:

Días	Parroquia	Días	Parroquia
4 ao 7	Tui	9 e 10	A Ramallosa
4 ao 8	Sta. Teresa (Vigo)	11 ao 14	Stmo. Cristo da Victoria

2. Retiros / Reunións arceprestais neste mes:

Día	Hora	Arciprestado	Lugar
Non		A Guarda-Tebra	
Non		A Louriña	
20	11:00	Miñor	“Apostólicas”, Ramallosa
27	11:00	Montes-Mondariz	A Franqueira
Non		Redondela-Oitavén	
18	12:30	San Martiño	“Esclavas”, Crecente
7	11:30	Tea-Condado	Convento de Canedo
Non		Tui-Entenza	
Non		Vigo-Casablanca	
27	12:00	Vigo-Centro	Concatedral
Non		Vigo-Fragoso	
20	11:30	Vigo-Lavadores	Seminario Maior
20	11:30	Vigo-San Andrés	Igrexa S.Paio de Navia
8	12:00	Vigo-Teis	Residencia Sacerdotal

PARROQUIAS

Festas patronais neste mes:

Día	Santo/a	Parroquias
8	Natividade da V. María	Vilaza, Franqueira, Tebra, e Randufe.
14	Sta. Cruz	Fornelos de Montes, e Sendelle.
16	S. Cibrán	Donas, Mouriscados, Paredes, e Ribarteme.
21	S. Mateo	Oliveira, e Toutón.
29	S. Miguel	Bouzas, Cabreira, Cequeliños, Corzáns, Fofe, Guillade, Oia (Vigo), Peitieiros, Pereiras, Pexegueiro, Ponteareas, Riofrío, Tabagón, Taborda, Ventín, e Viladesuso.

COMUNICACIONES

Carta de la Congregación para el Culto Divino y la Disciplina de los Sacramentos a los obispos sobre el pan y el vino para la Eucaristía (8-6- 2017).

El objetivo de dicha Carta es recordar la verdad y la hermosura de la fe de la Iglesia respecto al sacramento del Cuerpo y de la Sangre de Jesucristo. Resumo en los siguientes puntos el contenido principal de esta Carta.

¿Cuál debe ser el pan para la eucaristía?

“El pan que se emplea en el santo Sacrificio de la Eucaristía debe ser ázimo, de sólo trigo y hecho recientemente, para que no haya ningún peligro de que se corrompa. Por consiguiente, no puede constituir la materia válida, para la realización del Sacrificio y del Sacramento eucarístico, el pan elaborado con otras sustancias, aunque sean cereales, ni aquel que lleva mezcla de una sustancia diversa del trigo, en tal cantidad que, según la valoración común, no se puede llamar pan de trigo. Es un abuso grave introducir, en la fabricación del pan para la Eucaristía, otras sustancias como frutas, azúcar o miel.” (n. 48).

¿Y el vino?

“El vino que se utiliza en la celebración del santo Sacrificio eucarístico debe ser natural, del fruto de la vid, puro y sin corromper, sin mezcla de sustancias extrañas. [...] Téngase diligente cuidado de que el vino destinado a la Eucaristía se conserve en perfecto estado y no se avinagre. Está totalmente prohibido utilizar un vino del que se tiene duda en cuanto a su carácter genuino o a su procedencia, pues la Iglesia exige certeza sobre las condiciones necesarias para la validez de los sacramentos.” (n. 50) .

¿Y qué pasa con las hostias sin nada de gluten?

La Congregación para la Doctrina de la Fe, en la Carta circular a los Presidentes de las Conferencias Episcopales acerca del uso del pan con poca cantidad de gluten y del mosto como materia eucarística (24 de julio de 2003, Prot. N. 89/78 – 17498), ha indicado las normas respecto a las personas que, por diversos y graves motivos, no pueden tomar pan preparado normalmente o vino normalmente fermentado.

a) “Las hostias *sin nada* de gluten son materia inválida para la Eucaristía. Son materia válida las hostias con la *mínima cantidad* de gluten necesaria para obtener la panificación sin añadir sustancias extrañas ni recurrir a procedimientos que desnaturalicen el pan” (A. 1-2).

b) “Es materia válida para la Eucaristía el *mosto*, esto es, el zumo de uva fresco o conservado, cuya fermentación haya sido suspendida por medio de procedimientos que no alteren su naturaleza (por ejemplo el congelamiento)”

AXENDA PASTORAL DO MES

Día	Actividades destacadas
1	- Xornada de oración polo coidado da Creación.
7	- Eucaristía de inauguración de curso de Pastoral Universitaria, no Seminario Maior de Vigo ás 19:30h.
8	- Romería da Franqueira. Eucaristía presidida polo Sr. Bispo ás 12h. - Curso para Profesores de Relixión, no Seminario Maior de Vigo ás 16:30h. - Oración estilo Taizé, na igrexa dos Xesuítas (Vigo), ás 20:30h.
13	- Inicio das xornadas sacerdotais de Galicia en Poio, ás 11h (este día interveñen o Card. Stella e o noso Sr. Bispo). Continuarán os días 12 e 13.
22	- Oración estilo Taizé, na igrexa dos Xesuítas (Vigo), ás 20:30h.
23	- Xornada diocesana do Voluntariado de Cáritas, nos Maristas de Tui ás 10h.
26	- Inicio do Curso de Teoloxía para Leigos, no Seminario Maior ás 20h.
27	- Inicio do Curso Académico no Seminario Maior de Vigo. Eucaristía presidida polo Sr. Bispo ás 11:30h, e conferencia (D. Ángel Carnicero).



DATOS HISTÓRICOS SOBRE A NOSA DIOCESE

Consagrada a nosa Catedral polo Bispo D. Esteban Egea en 1225, catorce anos despois foi sucedido por D. Lucas, coñecido posteriormente como “o tudense”. D. Lucas non era de aquí senón de León, canónigo da Basílica de San Isidoro. Dotado para o estudio e a escritura, e enriquecido polas súas moitas viaxes, recibiu o encargo real de elaborar o célebre “Chronicon Mundi”, unha pioneira historia universal e hispánica, dende os inicios ata a conquista de Córdoba en 1236. Rematada esta obra de referencia, foi nomeado Bispo de Tui 1239, onde cumpriu a súa tarefa ata a súa morte, en 1249.

O Bispo D. Lucas tivo a honra de coñecer e tratar persoalmente con San Telmo nas súas andainas pola nosa diocese; acolleu os seus restos mortais na Catedral, e incluso fixo as primeiras xestións para a súa canonización.

(Continuará...)